

*Ola amiguiños/as!  
Que tal a volta á escola?*

*Eu pasei un verán estupendo. Aínda me lembro canto gocei con Lucinda no “Bosque dos Números”. Que ben o pasamos resolvendo adiviñas e lendo os contos matemáticos que lle mandastes! Son chulísimos! Quería felicitarvos por ser tan traballadores e creativos/a.*

*Téñovos que contar que alá polo S. Roque recibín a visita de Bautista “O Trasnó Artista”. Tivo que deixar a súa casa por mor das lapas que queimaron moitas das árbores e plantas do “Bosque das Cores Máxicas”. Sabiades que os que viven alí teñen un poder especial? Son quen de saborear a cor das cousas e das persoas con tan só velas!!!*

*Bautista aínda está moi triste porque non puido rescatar do lume algunhas das súas lecturas favoritas! Dentro duns días volverá ao seu Bosque e gustaríame darlle unha sorpresiña.*

*Maquinando, maquinando ocorréuseme que podedes pensar nun libro que vos lembre momentos especiais das vosas vidas: as lecturas con mamá ou papá antes de durmir, o libro que vos regalou o voso mellor amigo/a ... Aquelas lecturas que vos axudaron a comprender mellor o mundo, ese libro que vos fixo rir, soñar, chorar ou latexar os vosos corazóns.*

*Collede un papel e contádeme cal é ese libro “máxico” que ocupou un lugar especial nas vosas vidas (podedes acompañalo dun debuxo). Cando o teñades listo depositádeo na miña caixa de correos antes do día **15 de Novembro**.*

*Con todas as vosas achegas faremos un libro para Bautista.*

*Xa veredes que feliz se vai sentir!*

*Ata pronto!*

*O Trasnó Contacontos*

*Do 24 ao 28 de outubro celebraremos a “Semana das Bibliotecas Escolares”. Serán unhas xornadas moi especiais na que haberá moitas sorpresas.*

